



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO APLICABLE ÁS ACTIVIDADES MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN EN PERÍODO NON LECTIVO DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar os prezos públicos para o servizo de conciliación en período non lectivo (Nadal, Entroido, Pascua e verán) establecidos mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Val do Dubra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de xuño de 2024 e publicados no BOP nº 120, do venres 21 de xuño de 2024, no seu punto segundo apartado b), no relativo ás bonificacións aplicadas a partir do segundo fillo, quedando a nova redacción da seguinte maneira:

B) Establecerase unha bonificación a partir do segundo fillo en todo o servizo de conciliación, sendo aplicable do seguinte xeito:

08:00-16:00: 5 euros diarios
09:00-14:00: 3 euros diarios
08:00-14:00: 4 euros diarios
09:00-16:00: 4,5 euros diarios

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello e dar traslado do mesmo á Intervención e Tesouraría Municipais, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias da súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, 19 de xuño de 2025

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez